

Acordos da Comisión Permanente Ordinaria do 14 de decembro de 2012

- **Realizar as seguintes consideracións para o PDA do vindeiro curso académico 2013/2014, sobre a base do cómputo de 10 horas de docencia presencial por cada crédito ECTS nos cursos 1º, 2º, 3º e 4º do Grao en Arquitectura:**
 - **4 grupos teóricos e 12 grupos prácticos no 1º e 2º cursos do Grao en Arquitectura.**
 - **3 grupos teóricos e 9 grupos prácticos no 3º e 4º cursos do Grao en Arquitectura.**

- **Modificar o horario dos exames das materias Urbanismo 3 e Estruturas 4 do Plano de Arquitecto na convocatoria de xuño do curso académico 2012/2013 do xeito seguinte:**
 - **O exame da materia Urbanismo 3 (4º curso), que estaba programado para o Luns 10 de xuño de 2013 ás 16:00 h, terá lugar na mesma data ás 10:00 h.**
 - **O exame da materia Estruturas 4 (5º curso), que estaba programado para o Luns 10 de xuño de 2013 ás 10:00 h, terá lugar na mesma data ás 16:00 h.**

Acordos da Xunta de Escola do 14 de decembro de 2012

- Realizar as seguintes consideracións para o PDA do vindeiro curso académico 2013/2014, sobre a base do cómputo de 10 horas de docencia presencial por cada crédito ECTS nos cursos 1º, 2º, 3º e 4º do Grao en Arquitectura:
 - 4 grupos teóricos e 12 grupos prácticos no 1º e 2º cursos do Grao en Arquitectura.
 - 3 grupos teóricos e 9 grupos prácticos no 3º e 4º cursos do Grao en Arquitectura.
- Nomeamento dos profesores responsables de coordinación dos cursos de Grao.
 - Ratificar o nomeamento como responsable de coordinación de primeiro e segundo cursos de Grao ao profesor do centro Eduardo Alfonso Caridad Yáñez.
 - Nomear como responsable de coordinación do terceiro curso de Grao ao profesor do centro Cristóbal Crespo González.
- Aprobar todas as solicitudes de avaliación da actividade docente do profesorado (quinquenios) presentadas ata a data de celebración desta Xunta de Escola e delégase na dirección do centro a aprobación das solicitudes que se poidan presentar antes do remate do ano 2012.
- Propoñer aos seguintes alumnos para o premio extraordinario de Arquitecto correspondente ao curso académico 2011/2012: Eduardo Anllo Seoane e Ángel Romo Sandoval.
- Trasladar á reitoría a proposta para a retirada da distinción de Doutor Honoris Causa pola UDC a José Luis Méndez López.